

ANEXO I. Cláusula de protección de datos asociada ao Programa “Bolsas Santander Complemento ás Prácticas Profesionais 2025”

De conformidade co disposto no Regulamento xeral de protección de datos 679/2016, informamos de que os seus datos persoais serán tratados pola Universidade da Coruña, con sede na Mestranza, 9, 15001 A Coruña, co NIF Q6550005J, e enderezo de contacto na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudantes, campus de Elviña, 15071 A Coruña, en calidade de responsable do tratamento coa finalidade de xestionar a súa candidatura ao **Programa “Bolsas Santander Complemento ás Prácticas Profesionais 2025”** (a partir de agora o *Programa*) que se lles ofrece a persoas candidatas cun certo grao de discapacidade coa función de fomentar a súa formación e empregabilidade. É, por tanto, necesario que as persoas candidatas a algunhas das bolsas do Programa acrediten legalmente a súa discapacidade; de non o facer, non poderán ser beneficiarias destas. A base xurídica que habilita a Universidade para o tratamento deste tipo de datos de carácter sensible é o consentimento expreso da persoa candidata para o tratamento dos seus datos de saúde, polo que este consentimento é obrigatorio para poder ser candidata a determinadas bolsas do Programa. Os seus datos persoais de saúde non serán cedidos pola Universidade a terceiros salvo por obriga legal.

Adicionalmente, indicámoslle que os seus datos persoais se conservarán unicamente ata que se xestionen as candidaturas ao Programa e que posteriormente se conservarán bloqueados durante os prazos establecidos legalmente para atender as posibles responsabilidades que xurdan do seu tratamento.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos e limitación ou oposición ao seu tratamento a través do enderezo electrónico: emprego.vee@udc.gal.

En calquera caso, as persoas interesadas sempre poderán acudir ante a Axencia Española de Protección de Datos, autoridade de control en materia de protección de datos, <http://www.agpd.es>.

☐ Consinto que a miña universidade trate os meus datos de discapacidade (considerados datos de saúde), coa finalidade de xestionar a convocatoria correspondente ao programa “Bolsas Santander Complemento ás Prácticas Profesionais 2025”.

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura: